

A historia do Tanacio

Escoiten señores
se queren oír
esta historia nova
da gana de rir.

Do que van contar
nadie se ha espantar
do bon de Tanacio
traio que contar.

O 17 de xaneiro,
feira en Mezonzo
brincaba Tanacio
que parecía un corzo.

O que llo facía
era moita caña
moita máis bebía
se outro lla pagara.

Andaba na feira
con moita listeza
alá pola tarde
rascaba a cabeza.

Saliron da feira
nunha foliada
do que lle pasou
non sabía nada.

Chegando ó Penedo
pasouselle un conto
pideulle máis caña
a Pepe do Porto.

E Pepe do Porto
como home honrado
doulle de beber
hasta emborrachalo.



Un fato de mozos
viñan polas Agrad¹
en compañía deles
viñan os de Fachas.

E viña Tanacio
moi fuliandeiro
no fondo das Agrad
tirou co sombreiro.

Chegando ó Porto Cousa²
volvérono tonto
por desputar penas
con Pepe do Porto.

E viñeron andando
en moita harmonía
durou a disputa
hasta Fontefría.

E viña Tanacio
moi fuliandeiro
e perdeu un zoco
detrás do Piñeiro.

Chegaron a Fachas
que parcí a un pillo
descalzo dun pé
temblando co frío.

Saleu Ghoros de Lesta
non se vía nada
detrás das casetas
ven unha espantalla.

Preguntou quen era
non lle contestaba
tanta pena tiña
que case choraba.

“Ti que fas Tanacio,
ti que fas sentado?
Algo che pasou
estás apesado.”

¹ Finca de Fachas (Cumbras).

² Ídem.



“Na vida dos nados
outra me pasou
o meu zoco dereito
todo me rachou.

E rachoume a pala
perdín o cuartel
se houbera unhas pallas
iba ver por el.”

Foi Ghoros de Lesta
á casa de riba
buscar unhas pallas
a ver se aparecía.

Foran por alí abaixo
cara o Piñeiro
nin aparaceu rachado
nin apareceu enteiro.

Volveron pra Fachas
con moi mala cara
díxolle á Marica
que lle dese a vara.

Baixou Farruca abaixo
co candil na mau:
“Ola Tanacio,
seica ves de vrao!”

“Nin veño de vrao,
nin veño de inverno
un home descalzo
xa parece o demo.”

Díxolle Tanacio
todo relaxado:
“Tesme que deixar
un zoco prestado.”

Farruca doulle o zoco
con moito recelo
que se iba descalzo
era cousa do demo.

Saleu pra cocíña
fregando nas mans
miroulle pos zocos
non eran irmaos.



Esto que pasou
eu non volo vin
un zoco era baixo
outro murceguín.

Saleu Xan de Fachas
saleu moi calado
encontrou o zoco
todo espedazado.

Ó que llo volveu:
“Eu que lle farei!,
prestade un pano
que eu non volverei.”

Díxolle Farruca:
“por forza, estás loco!
pra non mo volver
ben che basta o zoco.”

Esta historia nova
quen a discorreu,
o cego de Andrade
que agora morreu.

Si morreu o cego
quedoulle un herdeiro
o mestre Moreira
que vai en Cardeiro.